



## **Informe Económico**

Presencia das Cooperativas de Traballo Asociado  
no Concello de Vigo





## Índice de contidos

Introdución.....	3
Entorno Económico de Vigo.....	4
Análise das Cooperativas de Traballo Asociado en Vigo.....	7
Análise da Mostra.....	7
Análise da Actividade.....	8
Estrutura Financeira.....	10
Conclusións.....	12



## Introdución

O obxectivo deste estudo é achegarse ao análise do peso que as Cooperativas de Traballo Asociado están a ter na cidade e bisbarra Viguesa, e fundamentalmente sondar aqueles aspectos económicos que nos leven a coñecer cal é a repercusión real que estas empresas teñen no tecido empresarial de Vigo e na súa economía.

Para a realización desta primeira análise, debemos ter presente as características do entorno e deste tipo de empresa que van condicionar o xeito de realizar o mostreo e ao mesmo tempo o propio estudio. Entre outras podemos subliñar dúas, que entendemos as mais condicionantes no eido económico. En primeiro termo, nos atopamos cunha cidade cunha extraordinaria dinámica no eido empresarial onde están a participar nestes momentos máis de 28.700 empresas. E por outro lado nos atopamos que as cooperativas, fronte a esta forte dinámica, só representan o 0,24% do total de empresas que revisten fórmula societaria.



## Entorno Económico de Vigo

Vigo estase a preparar para competir na Europa do coñecemento. Os principais sectores estratéxicos da Área Metropolitana, como a automoción, a pesca, a conserva ou a construción naval, contan con centros de investigación vangardista, nos que traballan algúns dos mellores especialistas europeos . O Centro Tecnolóxico da Automoción, O Instituto Español de Oceanografía, o Instituto de Investigacións Mariñas, a Fundación da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas, o Clúster Tecnolóxico da Pesca, o Clúster do Naval e a propia Universidade son algúns exemplos deste importante posicionamento cara o futuro. Ademais existen proxectos que van ampliar estes centros de investigación, como é a Cidade do Mar, que reunirá nun mesmo espazo a todos os Centros e Institucións relacionados coa investigación, o desenvolvemento e a innovación nos sectores relacionados co Mar.

Vigo, é unha das rexións do Noroeste de España máis diversificada a nivel económico, cunha grande presenza no sector de Servizos e da Industria, sobre todo no Sector de Automoción, Naval e Pesca. É o centro da maior área industrial de Galicia impulsada por ser a primeira cidade en número de habitantes, 294.772 dos que 140.556 son homes e 154.216 son mulleres e que por outra banda representa preto do 31 % da poboación de toda a provincia de Pontevedra.

No ano 2006, a poboación ocupada en Vigo ascendía a 142.901 persoas, nos cales se concentraban un 81 % no Sector servizos, un 10 % na Industria, un 7 % na Construción e un 2 % na Agricultura e Pesca.

En Agosto do 2008, o número de desempregados que presenta a cidade é de 27.353 persoas o que representa un 9,27 % sobre a poboación, distribuídos: 15.464 no Sector Servizos, 5.197 na Industria, 2.444 na Construción e 528 na Agricultura e Pesca.

Analizando o tecido empresarial presente na cidade de Vigo dámonos conta da enorme presenza motora que presenta esta vila na xeración de riqueza a nivel galego e



PLAN DE ACCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO DE TRABALLO ASOCIADO NO CONCELLO DE VIGO

nacional. Por sectores de actividades teriamos as empresas viguesas distribuídas nos seguintes tramos:

<b>Sector / Actividade</b>	<b>Empresas</b>
Activ Industrial: industria e construción	3.641
Activ Industrial: industria	1.582
Enerxia e Auga	11
Extracción e transformación	101
Industrias transf de metais	572
Industrias manufactureiras	898
Activ Industrial: construción	2.060
Activ Comerciais maioristas	2.019
Activ Comerciais minoristas	6.078
Activ Comercial de alimentación	1.737
Activ Comercial tradicional	1.547
Activ Comercial Supermercados	190
Activ Comercial no alimentación	3.985
Activ Comercial vestido e calzado	1.040
Activ Comercial Fogar	894
Activ Comercial resto no alimentación	2.051
Resto de Actividade Comercial	356
<b>Total empresas</b>	<b>28762</b>

Fonte: Anuario Económico de España – Servizos de Estudos de La Caixa

PLAN DE ACCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO DE TRABALLO ASOCIADO NO CONCELLO DE VIGO

Polo tanto, e aínda que sexa dun xeito modesto, a presenza de 68 Cooperativas de Traballo Asociado neste gran número de empresas, se entende un logro e unha aportación das Empresas de Economía Social ó grande potencial económico que mostra Vigo na súa actividade de Negocio.

Dentro de este gran núcleo, se comparamos as 20 empresas máis importantes que temos na vila, tanto a nivel de xeración de emprego como a nivel de facturación, poderemos encadrar o peso que as Cooperativas de Traballo Asociado teñen no Concello. Temos así, que estas empresas teñen un total de 19.032 empregados, mentres que as 68 Cooperativas de traballo asociado inscritas en Vigo xeran un total de 576 postos de traballo, dos cales 434 son socios (0.4 % da poboación activa).

Se analizamos a facturación, suman un total de 6.589 Millóns de euros, fronte os 28,5 Millóns das Cooperativas de traballo Asociado (0,4%).

Se dentro de estas 20 empresas máis importantes, excluimos as empresas de automoción lideradas pola empresa Peugeot Citroen Automóviles España S.A., o número de empregos pasaría a 4.474 postos de traballo, fronte os 576 das Cooperativas, que xa representarían un 12.87 % deste total e unha facturación de 1.364 Millóns de euros, fronte os 28.5 Millóns de euros que amosan as Cooperativas, representando un 2.08 % desa contía.

Aínda que desde un punto de vista puramente cuantitativo na área económica viguesa, as Cooperativas de Traballo Asociado non teñan unha incidencia demasiado relevante, cabe destacar a existencia destas organizacións de economía social dentro do gran entorno empresarial vigués, facendo acto de presenza en sectores estratéxicos e vitais para o desenvolvemento económico deste Concello.



## Análise das Cooperativas de Traballo Asociado en Vigo

### Análise da Mostra.

Segundo consta no Rexistro de Cooperativas de Galicia, as Cooperativas de Traballo Asociado, que teñen domicilio social no Concello de Vigo son un total de 84 cooperativas. Analizada o total da poboación, se obtiveron a seguinte información que xustificará a elección da mostra.

- Do total de Cooperativas de Traballo Asociado, 16 atópanse en proceso de liquidación ou ben están sen actividade. Isto nos fai modificar o tamaño da mostra a un total de 68 Cooperativas.
- Temos información actualizada de 44 Cooperativas, o que representa un 64,70 % da mostra.
- Das Cooperativas que restan, 24 concretamente, non se dispón de datos, ou ben, os que existen son moi antigos e de incorporalos, poderían desvirtuar as conclusións da análise.

Definido o escenario, pasamos a detallar os aspectos máis relevantes que se desprenden da información analizada.



## Análise da actividade

- O total das Cooperativas de Traballo Asociado están encadradas nos diferentes Sectores do sistema industrial vigués. Destacamos 11 cooperativas no sector da Construción, das cales dúas son de recente creación, constituídas no 2007, 8 presentes no sector da ensino, ter en conta que en Vigo hai un total de 174 centros educativos tanto públicos como privados. Temos 7 no servizo de Asesoramento Empresarial, 7 dedicadas o Comercio polo Miúdo e tamén 7 no Sector Hostaleiro, 5 dedicadas a reparación de maquinaria e talleres, 4 no sector do transporte, 4 no téxtil, 3 adicadas a reparación naval, 3 adicadas a Instalacións de Fontanería e Calefacción, 2 Ximnasia e Actividades Deportivas, 2 de Fabricación de Mobles e por último temos unha cooperativa que presta servizos Sociais, unha Axencia de Seguros, un Salón de Beleza, un Distribuidor de Vapor de Auga (xeo) e unha Productora Cinematográfica.





PLAN DE ACCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO DE TRABALLO ASOCIADO NO CONCELLO DE VIGO

Cadro resume de cooperativas de traballo asociado por actividade:

Actividade	Empresas
Actividade Industrial: industria e construción	11
Ensino	8
Asesoramento Empresarial	7
Hostalería	7
Servizos de mantemento maquinaria e talleres	5
Transporte	4
Actividades Comerciais polo miúdo	7
Actividade Téxtil	4
Actividade de reparación naval	3
Actividade de Fontanería e calefacción	3
Ximnasios e Actividades deportivas	2
Fabricación de mobles	2
Servizos Sociais	1
Axencia de seguros	1
Salón de beleza	1
Produción cinematográfica	1
Distribución de vapor de auga (xeo)	1
<b>Total Cooperativas de Traballo Asociado</b>	<b>68</b>

*Fonte: Rexistro de Cooperativas.*

- Cómpre destacar que na súa maioría son empresas novas cunha antigüidade media que non chega aos 8 anos, resaltando que nun 41% teñen menos de 5 anos.
- A plantilla media das cooperativas de traballo asociado é de 8 persoas, das cales 6 son socios/as. Maniféstase así dun xeito claro a filosofía da cooperativa de que a maioría dos postos de traballo estean ocupados por un/ha Socio/a-Traballador/a, tratándose polo tanto de traballo estable e de



PLAN DE ACCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO DE TRABALLO ASOCIADO NO CONCELLO DE VIGO

calidade. Mencionar neste senso, que son as cooperativas de ensinanza as que xeran máis plantilla, cunha media de 20 traballadores dos que 15 son socios.

## Estrutura Financeira

- **Investimento.** O valor dos investimentos ascende a 12,4 Millóns de Euros, o que supón un incremento dun 7,38 % máis que o ano pasado, polo que se desprende que se segue apostando polo futuro destes proxectos empresariais, a pesar da crise actual. Salientar que son as cooperativas do sector naval as que mais teñen incrementado o valor dos seus investimento con respecto ao ano pasado preto dun 50 %, o que reflicte a boa marcha que está tendo este sector en particular.
- **Financiamento.** Os Fondos Propios, é dicir, os recursos que son propiedade da cooperativa ascenden neste último ano a 7,7 Millóns de Euros, cun incremento dun 6,4 % respecto ao ano pasado. Estes recursos representan máis do 62 % dos investimentos que acometeron as cooperativas, situación que garante en gran medida a solvencia destas empresas.

Mencionar que os/as socios/as a través do Fondo Social Cooperativo aportaron máis de 4,4 Millóns de euros, o que confirma a súa política de expansión e consolidación, xa que estas empresas teñen mais de 3,3 Millóns de euros de beneficios acumulados reinvestidos nos seus centros de traballo, tratando de consolidar deste xeito a estrutura financeira da empresa.

Por outra banda temos que as débedas que suman o total das cooperativas ascenderon neste último ano a 13,9 Millóns de euros, dos cales o 26 % son a Longo Prazo e un 74 % a Curto Prazo. Resaltar a dificultade que atopan as cooperativas para tratar de obter financiamento de longo prazo. A suma da débeda o ano pasado ascendía a 14,3 Millóns de euros, o que indica que neste último ano as cooperativas minoraron o seu



endebedamento nun 2,8 %.

Analizando un pouco máis a composición das débedas, estas se concentran no curto prazo, obtendo este financiamento da propia inercia da actividade, conseguindo un rateo de endebedamento do 1,8, é dicir, que por cada 100 € de Recursos Propios se obtén de financiamento alleo 180 €.

Especial reflexión merece tamén o rateo que relaciona o importe das débedas co valor dos activos da cooperativa que reflicte que por cada 100 € de valor no patrimonio da cooperativa teñen 62 € de débeda, o que novamente manifesta a solvencia das Cooperativas.

- **Actividade.** A facturación estimada das cooperativas de traballo asociado ascende a máis de 28,5 Millóns de euros neste último ano, supoñendo un incremento dun 11,89 % respecto do ano pasado. Sendo a estimación total dos gastos de 28,8 Millóns de euros, incrementándose nun 12,28 % en referencia o ano pasado. O que da lugar a unha pequena perda global duns 300.000 €, nada preocupante se valoramos o importante investimento que veñen de facer as cooperativas para a consolidación da súa actividade empresarial.

Aproximadamente o 50% das cooperativas presentaron beneficios neste último ano, das cales a metade xa tiveron beneficios no exercicio anterior. Destacar que son as cooperativas adicadas a reparacións e talleres, o naval e o asesoramento as que arrojan mellores contas de resultados. Destacar que a cifra de Gasto de Persoal deste último ano ascendeu a 10,1 Millóns de euros, representando pouco máis dun 35 % do volume total de gastos, dos cales 8,1 millóns foron vía salarios.



## CONCLUSIÓNS

Se ben en relación con outro tipo de sociedades que desenvolven actividade económica na bisbarra viguesa, a presenza, volume de facturación e emprego das cooperativas de traballo asociado non é demasiado significativa, se a enmarcamos no contexto galego, obtemos, segundo datos do informe de síntese do cooperativismo galego do ano 2005<sup>1</sup>, que do total das creadas en Galicia nos últimos tres anos, Vigo ocupa o primeiro lugar co 13,04% do total, seguido de Santiago co 9,66% e Lugo e Coruña co 4,35 e 4,34% respectivamente. Polo que respecta aos datos relativos ao emprego, facturación e situación financeira acada cifras semellantes as do global de Galicia segundo os datos deste mesmo informe.

Trátase polo tanto dunha fórmula aínda non desenvolvida plenamente por distintas circunstancias, escasamente coñecida –non sendo a nivel agrario- pero que presenta datos de importancia en relación co traballo fixo e de calidade, co grao de solvencia e investimentos e coa presenza en sectores destacados da economía do Concello vigués.

<sup>1</sup> Manuel Jordán-M<sup>a</sup> Rosario Babío,  
Cooperativas de Galicia. Informe de Síntese. 2005, Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. 2008.